



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 9 DE ABRIL DE 2015
--

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZA VIEITES
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA
DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE MARZO DE 2015.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 13 DE MARZO DE 2015.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 23 DE MARZO DE 2015, RELATIVO AO EXERCICIO DE ACCIÓN ADMINISTRATIVA DE RECUPERACIÓN DEMANIAL URGENTE POR INVASIÓN PARCIAL DE CAMIÑO DE TITULARIDADE MUNICIPAL E CONDICIÓ PÚBLICA, RADICADO EN RAMIRÁNS - STO. ANDRÉ DE VEA.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 30 DE MARZO DE 2015, RELATIVO Á SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, REGULADA NO DECRETO 99/2012, DE 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 2 E 27 DE FEBREIRO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 2 E 31 DE MARZO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE MARZO DE 2015.

Sr. Alcalde: Boa tarde a todos e todas, disculpade por estes minutos de retraso. Damos comezo á sesión ordinaria do Pleno correspondente ao 9 de abril, e primeira parte, que é a parte resolutoria ten como primeiro punto a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 5 de marzo de 2015. Non sei si hai algunha cuestión ou algunha alegación á acta? Pois apróbbase por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 5 de marzo de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 13 DE MARZO DE 2015.

Sr. Alcalde: O segundo punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 13 de marzo de 2015. Tampouco hai alegación, aprobámola por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 13 de marzo de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de Xestión e Control non sei si hai algunha moción que queiran presentar os partidos políticos?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á EXECUCIÓN DE REFORMAS E DOTACIÓN DE MEDIOS NO CENTRO MÉDICO DA ESTRADA.

Sra. Belén Louzao, Concelleira polo PSdeG-PSOE: Gracias Sr. Alcalde. Boas noites a todos e todas. Rexistramos no Concello o 21 de marzo unha moción relativa ao centro de saúde estradense. Coñecido por todos os veciños e veciñas da Estrada a situación na que se atopan excelentes profesionais traballando nunha infraestrutura anticuada e que non se adapta á lexislación vixente en medidas de prevención de riscos, de adaptabilidade, de accesibilidade, etc. Son varios os informes de perigosidade, os informes sobre deficiencias do centro, varias as reclamacións presentadas polo propio Xerente do mesmo, e o que nos trasladan é que lle instemos á Xunta de Galicia a cumprir con esas necesidades de mellora que ten o noso centro médico, entre elas electricidade, prevención de riscos, dotación de mobiliario sanitario e tamén que nos comprometamos a facer un arranxo das zonas de aparcamento donde as ambulancias se ven obrigadas a deixar na vía pública aos pacientes por non ter un lugar reservado para o seu traballo. Por iso, por urxencia, e tendo en conta que xa o rexistramos no

Concello, pois traemos esta moción, por que canto antes a Corporación nos comprometamos a solucionar estas deficiencias e estos problemas, e a instar e a presionar para que a Xunta de Galicia acometa as reformas necesarias, dende logo antes se verán beneficiados os veciños e veciñas da Estrada nos servicios. Insistimos, excelentes profesionais premiados recentemente en varias ocasións, pero que ven como o seu traballo se desenvolve nunha infraestrutura que non está adaptada á lexislación vixente e cando menos ao traballo que desenvolve.

Por iso pedimos o apoio para a urxencia desta moción. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha cuestión en relación coa urxencia? Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG: Vendo cando chegou a convocatoria do Pleno a verdade que pensei que podría aproveitarse destes últimos plenos xa que quedan para caso último e traer varias mocións que se presentaron polos grupos da oposición, pero vexo que o goberno non o considerou oportuno. Xa lles aviso que si no próximo Pleno non se levan as que ten presentado o BNG se lle vai a presentar por urxencia unha batería de mocións non?. Básicamente vamos a apoiar que se debata a moción que presenta o grupo socialista por este motivo, se se tratara en Comisión como se debía de tratar non a teríamos que traer aquí por urxencia.

Sr. Alcalde: Moi ben. Non era cuestión, aquí estamos no debate da urxencia en relación a esta cuestión, pero desde logo por parte do grupo de goberno non temos ningún problema de entrar no fondo do asunto e proceder a debatilo. Si lles parece aos demais voceiros votamos a urxencia e procedemos ao seu debate. Votos en contra da urxencia?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: Ten a palabra a Sra. Belén Louzao para entrar no fondo do asunto.

Sra. Belén Louzao: Novamente grazas. Como dicía, como introducía no debate da urxencia do mesmo, a situación na que se atopa o ambulatorio estradense carece de adaptación á lexislación vixente en materia de seguridade e prevención de riscos, de riscos, perdón, e accesibilidade, dificultando o traballo dos profesionais de atención médica así como á asistencia ao propio centro estradense dos pacientes. Un centro que para trasladar a un paciente en cadeira de rodas hai dificultades no ascensor, un centro no que os profesionais que teñen que trasladar para facer probas a un paciente nunha camilla dunha planta a outra o deben de facer en situacións moi dificultosas a través das escaleiras, moito máis cando teñen que acceder dende o exterior do recinto pola escaleira exterior, subindo a camilla... bueno, pois, unha situación bastante lamentable a que se produce de cara ao respecto polo paciente, o respecto pola persoa afectada. Por eso nos trasladan esta situación, que temos coñecemento que foi trasladada á Xunta de Galicia como ao propio Concello en reiteradas ocasións de que é necesario, que non aguantan máis a situación, que é necesario tomar as medidas para poder poñer a solución a estas carencias do centro médico da Estrada. Como dicimos, unha dotación de infraestrutura dos anos 70, un centro de saúde, polo tanto, que non se adapta á lexislación de riscos do 2014 e que tamén carece, por exemplo, no tema de electricidade, de conexión a un xerador eléctrico no caso das urxencias, simplemente está conectado o que é a parte das

urxencias non o resto do centro, polo que non poden realizarse consultas (xa se produciu un problema semellante con un apagón). É máis, os profesionais, os excelentes profesionais con que conta o centro médico estradense, no que todos coincidiremos, non poden realizar o seu traballo, nin siquiera dar unha cita médica ou cambiala a aqueles pacientes que teñen a mala sorte dunha incidencia eléctrica cando están no propio centro, non poden acceder aos expedientes, non poden ver probas médicas realizadas, non se poder desenvolver con normalidade o traballo no mesmo.

Coñecido por todos é tamén a situación da escaleira exterior, onde... bueno... pois cando chove é moi resbaladiza, non hai pasamanos, baranda aos dous lados, polo que as persoas se teñen que mollar para poder axudarse a subir a pronunciada escaleira. Un marxe exterior que nos permite insistir, unha vez máis, en facer unha rampla de acceso para poder facilitar o acceso a persoas con discapacidade, a persoas con dificultade de mobilidade e, incluso, aos profesionais que teñen que acceder ao centro, como dicíamos, cunha camilla médica sorteando as pronunciadas escaleiras. É posible facelo, hai espacio para facelo, e por iso pedimos hoxe e agardamos o apoio de toda a Corporación para, primeiro, que o Concello se comprometa, nos comprometemos todos nestas datas, como dicía o representante do BNG nun dos últimos Plenos desta lexislatura, a mellorar a zona que hai entre a rúa e o centro para facilitar o traballo das ambulancias que habitualmente se ven obrigadas a deterse na calzada para deixar e recoller pacientes, executándose, polo tanto, nos comprometemos a elo, a unha actuación que reserve espazo para que as ambulancias poidan facer o seu traballo correctamente, dispoñendo os recursos que sexan necesarios. Así mesmo, nos piden un acordo unánime da Corporación, a poder ser, para instar á Xunta de Galicia a poñer fin de xeito inmediato a todas as importantes deficiencias que presenta o Centro de Saúde da Estrada, de acordo cos informes de prevención riscos e deficiencias que xa obran en poder, como dicía, dos distintos departamentos da Xunta; entre elas se detectan a conexión ao xerador eléctrico que dea servizo a todo o Centro de Saúde, a construción da rampla de acceso á primeira planta, a reforma do ascensor, dota ao centro de camillas plegables que permitan o traslado de pacientes entre plantas e entre as distintas estancias do propio centro, colocación de baranda en ámbolos dous lados das escaleiras de acceso, dotar ao centro de camillas plegables para trasladar, como dicía, aos pacientes, cambiar as portas do centro para que cumpran coa lei de accesibilidade no referente ao sentido de apertura das mesmas, canalizar os distintos cableados (luz, teléfono, informática, etc.) evitando a súa presenza en zonas de paso, tal e como marca a lexislación, protexer o cadro eléctrico do ascensor ou bloquear as portas dos montacargas impedindo que se poidan abrir e que se poida producir un accidente. Para iso é para o que pedimos o apoio desta corporación. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas grazas Sra. Belén Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Bueno, creo que todos os aquí presentes somos coñecedores da situación na que se atopa o edificio do Centro de Saúde e todos coincidimos co diagnóstico que acaba de presentar a voceira do grupo socialista. Estamos falando, a parte, dun servizo fundamental para os veciños e veciñas da Estrada como é a saúde, por eso vamos a votar a favor desta moción.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Magariños. Bueno, pois eu creo que é certo e coincidimos en varios dos aspectos que aquí se detallan, o que pasa é que deberíamos de intentar perfilar esa moción e creo que o sitio adecuado ou axeitado sería unha Comisión Informativa para o

seu debate, porque hai puntos que eu creo que... ou nós entendemos que pode ser razoables determinadas peticións, outros nos que entendemos que o problema de non ter a iniciativa un político e ir a remolque, como lle está pasando neste caso ao Partido Socialista, significa que pretendan facer propostas que os deixan bastante en evidencia non?. A primeira delas é porque... a verdade é que tuvo que pasar unha mala situación... tuvo que envellecer moi mal nestes últimos catro anos o Centro de Saúde para pasarlle todas esas desgracias que está dicindo a voceira do grupo socialista que non lle pasaran antes, tuvo que pasar, desde logo, ese efecto da caducidade dos materiais tuvo que afectalo dunha forma extraordinariamente brutal nestos catro anos para que todo o que acaba de dicir a voceira socialista e non se decataran cando foron goberno durante catro anos e tiveron un bipartito no que nin a primeira vez non foron quen de reclamarlle ningunha destas cuestións que é certo que levan tempo sen resolverse, as camillas levan moito tempo sen subir á primeira planta, moitos anos, eu creo que desde que se fixo o Centro de Saúde, nunca a nadie se lle ocorreu facer esa petición, e agora que a este goberno inicio os trámites para a construción do novo Centro de Saúde da Estrada, agora que temos firmado un protocolo coa Consellería de Sanidade no que o Concello ten a obriga de buscar os terreos para poñer a disposición da Consellería para a construción dese novo Centro de Saúde e a Consellería ten a obriga, en primeiro lugar, de comezar a redactar o plan funcional que sexa a base do plan construtivo do novo Centro de Saúde, agora lle acorda ao Partido Socialista os problemas que ten de accesibilidade o Centro de Saúde, 40 anos despois de ser construído non?, e con competencias e responsabilidades no goberno, non solo no goberno local, sinón no goberno da Xunta de Galicia tamén, daquela non lle acordou, daquela subían as escaleiras... as camillas polas escaleiras arriba, cabían as camillas nos ascensores, daquela non había problemas de aparcamento das ambulancias, daquela non había ningún problema, hainos agora. Entonces eu creo que hai que ser razoables, nunca este debate suscitou interés polo Partido Socialista ata que o Partido Popular toma iniciativa e decide convenir coa Xunta de Galicia ou facer un protocolo coa Xunta de Galicia para establecer os pasos iniciais para a construción do novo Centro de Saúde que a Estrada merece. Outros din... ou é certo... eu percibo das declaracións do seu partido que din que non é necesario, que non é preciso, é unha frivolidade falar dun novo Centro de Saúde na Estrada, ese é o posicionamento do Partido Socialista. O Partido Popular da Estrada reitera, reafirma e se compromete de forma clara a loitar e a pelexar coa Xunta de Galicia e a xestionar a construción dun novo Centro de Saúde que estea á altura das circunstancias, das necesidades, non só, porque parece que é certo e tamén a nós nos preocupa o persoal sanitario, senón tamén dos usuarios, dos propios usuarios do Centro de Saúde.

Así que xa lles anticipo e lles anuncio hoxe, para que teñan toda a información, de que esta mesma semana mantimos unha conversación co xerente de Atención Primaria, que é a persoa responsable e que foi a que designamos no Protocolo asinado coa Consellería para coordinar os traballos de posta e marcha dese Protocolo, e temos, xa llo anticipo, que temos esos traballos en marcha e, polo tanto, queremos facer uso das responsabilidades que as dúas partes, tanto a Consellería como o Concello, nos da a firma dese Protocolo xa asinado, e queremos avanzar de forma decidida na construción dese novo Centro. Mentras tanto?, evidentemente hai deficiencias, alí na visita que fixemos ao propio centro llo trasladamos ao propio persoal sanitario, temos deficiencias no tocante á accesibilidade, moitas delas que non teñen solución, pero buscaremos a fórmula de establecer algunhas medidas correctoras temporais ou que sexan menores, porque temos en conta e cremos e confiamos que esta construción do novo Centro de Saúde sexa unha realidade. Si facemos agora unha inversión excesiva que nunca, desde logo, nunca foi reclamada, pero si a facemos agora, evidentemente, cada vez terá menos sentido, carece de sentido que presionemos á Xunta

para ese novo centro. Así que ese é o noso obxectivo e ese é o noso reto e nesa liña vamos a seguir traballando de forma decidida, así que si lles parece debatimos esas cuestións que sexan asumibles de reformas de pequenas actuacións que teñen que facerse no Centro de Saúde a curto prazo, as podemos debatir, pero ningunha que sexa suficientemente importante de calado ou supoña unha inversión excesiva de cara a impedir que a realidade que nós traballamos e o obxectivo que nós perseguimos, que é a construción do novo Centro de Saúde da Estrada.

Algunha outra intervención? Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Belén Louzao: Bueno, pois dicir simplemente o que xa dixen, lamentar que non se teña convocado a pertinente Comisión, como era a intención co rexistro desta moción, porque efectivamente penso que aí é onde hai que debatir, vostedes foron os que non quixeron convocar e nos obrigaron, polo tanto, a traela deste xeito a este Pleno. Dicir que é unha mágoa, que nos parece que é unha mágoa que se utilicen as institucións de todos, da democracia de todos, para facer campaña electoral e non para solucionar problemas dos veciños e veciñas; e hai outras carencias no Centro de Saúde que tamén podemos debatir si quere nesa Comisión, como eran os coches para as enfermeiras, creo que lle sonará a vostede esa reivindicación. De todas formas a nosa proposta sigue enriba da mesa, a nosa moción que presentamos por urxencia sigue enriba da mesa e agardamos a súa votación.

Sr. Alcalde: Moi ben, algunha intervención? Pois nada, eu decirlle que podemos debatila e lle emplazo para debatila na propia Comisión Informativa, a vamos a apoiar desde logo, como dicía antes perfilada con determinados aspectos que deben revertir nesas pequenas actuacións que ao mellor son necesarias, como ao igual que eran necesarias fai catro anos e fai oito e fai doce, as mesmas, exactamente as mesmas, porque o Centro de Saúde ten as mesmas carencias desde fai moito tempo, e decirlle que nós consideramos que esa é a mellor das decisións porque eu teño confianza absoluta, absoluta, que a Consellería se vai a comprometer. O primeiro a confianza absoluta de que o Concello ten a capacidade absoluta de poñer a disposición os terreos adecuados para a construción do novo Centro de Saúde e, a segunda, teño a confianza absoluta de que a Consellería vai a asumir o compromiso coa Estrada desa construción do novo Centro de Saúde, de feito lle digo que nesa conversa que tuven co Xerente de Atención Primaria, na próxima semana lle remitirá información ao Coordinador do Centro de Saúde para que lle aporten información no inicio de elaboración do plan funcional que se vai a iniciar a semana que ven en colaboración e en coordinación cos profesionais médicos do Centro de Saúde da Estrada e que, previsiblemente, as estimacións da propia Consellería son que antes de finais do mes de abril poidamos ter xa no Concello esa proposta do plan funcional que sexa e será o documento de inicio de todos os traballos para a futura construción do Centro de Saúde non? Ese é o noso obxectivo, en esa liña estamos traballando, nós imos nunha clave máis ambiciosa, nós cremos que é xusto, necesario e de dignidade social ter esa infraestrutura. Vostedes se conforman con arranxos que os podían haber feito cos plans que tiveron vostedes cando foron goberno, cos plans FESSEL que invertiron noutras cousas e que, dende logo, non o invertiron no prioritario, como parece que agora lles preocupa, sendo exactamente hoxe o mesmo problema que era no ano 2010, cando recibiron esos 7.000.000 de euros de inversión do plan estatal non? Así que creo que podemos chegar a acordo nesas actuacións, e lle digo que o noso obxectivo definitivo e claro é a construción definitiva dese novo Centro de Saúde.

Procedemos entón a votar esa moción. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Queda rechazada por maioría.

Sometido o asunto a votación, este é rexeitado polos votos en contra do PP (11) e a favor do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1).

Sr. Alcalde: Algunha outra moción?. Pois si non hai ningunha moción de urxencia pasamos á parte de Xestión e Control.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 23 DE MARZO DE 2015, RELATIVO AO EXERCICIO DE ACCIÓN ADMINISTRATIVA DE RECUPERACIÓN DEMANIAL URXENTE POR INVASIÓN PARCIAL DE CAMIÑO DE TITULARIDADE MUNICIPAL E CONDICIÓ PÚBLICA, RADICADO EN RAMIRÁNS – STO. ANDRÉ DE VEA.

Sr. Alcalde: Punto número 3, dación de conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión do 23 de marzo de 2015, relativo ao exercicio de acción administrativa de recuperación demanial urxente por invasión parcial de camiño de titularidade municipal e condición pública, radicado en Ramiráns – Sto André de Veá.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 23 de marzo de 2015 e que se transcribe de seguido:

“5º.- EXERCICIO DE ACCIÓN ADMINISTRATIVA DE RECUPERACIÓN DEMANIAL URXENTE POR INVASIÓN PARCIAL DE CAMIÑO DE TITULARIDADE MUNICIPAL E CONDICIÓ PÚBLICA, RADICADO EN RAMIRÁNS – SANTO ANDRÉ DE VEA (EXP. 24/14); SEGUNDO PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA. Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 13-03-2015, en relación co asunto de referencia.

Visto por esta Alcaldía que, por parte de D. Manuel Cora Bustelo, se está a producir unha invasión parcial de camiño de titularidade municipal e condición pública radicado en Ramiráns- Santo André de Veá (lindante coa finca nº 368 da súa Z.C.P.), froito da realización dun muro de bloques de formigón, o depósito de pedras e a apertura dunha gabia sobre o mesmo; sen prexuízo, asemade, da ocupación polo piar dunha casa en eventual situación de ruína (70,00 m2 de ocupación total, aproximadamente); invadindo a vía pública ata dificultar o paso, e téndose realizado indebidamente sen previa licenza nin concesión municipal, ocasionando usurpación e perturbación do uso público, e ocupación parcial da nomeada vía pública.

Visto o perigo que para a orde e seguridade pública supón a ocupación do viario público.

Visto o informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal, de data 10-03-2015.

Visto o informe xurídico do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo de data 13-03-2015.

En uso das facultades que me confire a lexislación vixente e en concreto os artigos 44, 70.1, 71.3 e 82 do Regulamento de Bens das Entidades Locais; 41.2 e

41.22 do Regulamento de Organización; e 61.1.j da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, á Xunta de Goberno Local,

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Exercitar, con carácter de urxencia, polos motivos expostos, acción administrativa de recuperación de oficio do ben demanial descrito (camiño público) contra D. Manuel Cora Bustelo.

Segundo.- Outorgar trámite de audiencia de 10 días, computado a partires do seguinte á recepción deste acordo á persoa requirida, para que alegue ou xustifique o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos e intereses. O expediente instruído queda a disposición do invasor en todo momento, para coñecemento e efectos.

Terceiro.- Ordenar a D. Manuel Cora Bustelo a retirada total dos obstáculos invasores descritos (agás o piar da edificación, en tanto non se resolva o procedemento administrativo de ruína) no prazo de 15 días. Este prazo computará a partires do vencemento do de audiencia, de non presentarse alegacións, ou presentándose sen que desvirtúen o contido deste acordo nos seus termos esenciais.

Cuarto.- Requirir á Xefatura da Policía Local e ao Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal respectivos informes sobre a efectividade desta orde de retirada, unha vez transcorridos os prazos sinalados.

Quinto.- Advertir á persoa requirida, que, de non cumprir esta orde no prazo sinalado, procederá, de ser o caso e sen outro apercibimento que o presente, á execución subsidiaria municipal nos termos do artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo os gastos a súa conta, que ascenden segundo estimación do Perito Agrícola Municipal ao importe de 311,35 euros (448,32 euros, en execución por contrata), impostos incluídos, esixibles pola vía de constrinximento sobre o patrimonio nos termos do artigo 97 da mesma Lei, e sen prexuízo da imposición de multa; autorizándose a este funcionario municipal para que proceda, chegado o caso, á execución subsidiaria designando aos prácticos que considere necesarios e cos medios materiais oportunos para levala a efecto en coordinación coa Xefatura da Policía Local.

Sexto.- Dar conta deste acordo ao Concello Pleno, na primeira sesión que se celebre.

Sétimo.- Nomear órgano instrutor deste procedemento de recuperación demanial ao Concelleiro Delegado de Medio Rural, D. Juan M. Constenla Carbón.

Oitavo.- Notificar este acordo, para coñecemento e efectos, ao órgano instrutor, a D. Manuel Cora Bustelo, á Inspección-Xefatura da Policía Local, ao Enxeñeiro T. Agrícola, e á Intervención de Fondos Municipais.”

O Pleno da Corporación queda sabedor, ao mesmo que se ordena dar traslado deste Asunto ao departamento municipal de Urbanismo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 30 DE MARZO DE 2015, RELATIVO Á SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, REGULADA NO DECRETO 99/2012, DE 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO.

Sr. Alcalde: O punto número 4 é a dación de conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de marzo de 2015, relativo á solicitude de transferencia finalista á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitario de titularidade municipal, regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de marzo de 2015 e que se transcribe de seguido:

“B) Vista a proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social de data 30-03-2015.

Visto o Decreto 9/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no DOG nº 63 de 30-03-2012.

Visto o informe/proposta de data 27-03-2015, asinado pola responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 30-03-2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2º.- O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do Anexo V, é de 634.647,27 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 102.107,00 €*
- Mantemento: 800,00 €*
- Axuda no Fogar:*
 - . Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 46.400,00 €*
 - . Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 367.540,27 €*
- Xestión de programas: 117.800 €*
- Investimento: 0,00 €*

3º.- Declárase que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no anterior.

4º.- Se adopta o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2015 na contía de 733.923,79 €, que supón unha porcentaxe de 53,63 € sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º.- Dar conta ao Pleno da Corporación do contido da solicitude na vindeira sesión que se celebre.”

O Pleno da Corporación queda sabedor, ao mesmo que se ordena dar traslado deste Asunto ao departamento municipal de Servizos Sociais.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 2 E 27 DE FEBREIRO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Sr. Alcalde: O punto número 5 é a dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre os días 2 e 27 de febreiro de 2015 (ambos os dous incluídos).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 27 de febreiro de 2015 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 2 E 31 DE MARZO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Sr. Alcalde: O punto número 6 é a dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre os días 2 e 31 de marzo de 2015 (ambos os dous incluídos).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de marzo de 2015 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: O punto número 7 é o de Rogos e Preguntas. Non sei se hai algunha cuestión que queiran preguntar os voceiros?. Sr. Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños Maceiras: Unhas preguntas e un rogo. A primeira pregunta, si considera o goberno que a obra que se fixo na praia fluvial de Barcala é un plan de mellora dun carreiro?. Porque, dende logo, considerar que isto é unha obra de mellora... aínda bo é que non fixeron ningún plan de mellora da economía do Concello da Estrada, porque a pouca industria de comercio que queda fundía!, porque, dende logo, si isto é unha obra de mellora que veña Dios e o vexa, porque xa digo, nunha praia ca súa herba lle metemos unha pala para deixar a terra ao descuberto... vale, isto é unha obra de mellora. Gustaríame coñecer un pouquiño máis polo miúdo este proxecto, pero bueno, xa lle solicitei unha copia, debe facer unha ou dúas semanas, dúas semanas, 26 de marzo, e sigo esperando por ela, pero bueno, cando teñan a ben facerma chegar pois agradecereino e a poderei estudar con máis detenimento esta obra. Supoño que será unha obra que conta con todos os permisos de todos os veciños para poder entrar nas súas propiedades e supoño... esto si que ten que ser xa... igual lle pasa como o proxecto este que lle obriga o AGADER a devolver os cartos, os 51.000 euros, contará cos permisos

de Medio Ambiente, porque estamos no que é Rede Natura, esperemos que si. Outra pregunta é cando remata esta obra, porque bueno, segundo o CARTAZ, remata no mes de xuño, entonces saber que van a facer exactamente, por eso reitero a petición do proxecto para saber exactamente o que se vai a facer.

E, por último, si no custo de 23.305 euros que levou abrir unha pista de terra que, bueno, que aquí é o sitio máis profundo, pero noutro lado simplemente se lle pasou... limpouse un pouco a capa, vese tal si dentro deste custe vai incluído repoñer o estado orixinal e reparar a desfeita que fixeron.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños, sempre tan sensible. Cando me ensinou as fotos pensei que iba a sacar unha foto de Grey, xa estaba empezando a.... empeceime a asustar eu, pensei que ía a empezar hoxe coa campaña das 50... que hoxe era xa a primeira sombra das 50 que quedan por ensinar, seguramente esa sexa unha das 50, estou convencido, pero esa é diferenza entre a xestión do BNG e a xestión do Partido Popular.

Sabe vostede o debería de sabelo, debería de sabelo vostede que esa é unha mellora na marxen do río Ulla, como se denomina o proxecto, fálolle de memoria eh?, é un proxecto xestionado pola Consellería de Medio Ambiente, é un proxecto de mellora de espazos fluviais e, para que teña vostede unha idea, por exemplo, un tema menor, pero ese é un diñeiro cen por cen financiado pola Consellería de Medio Ambiente e unha liña de subvencións específicas para actuacións en Rede Natura, non sei si eso lle di algo ou non, pero xa llo digo eu. É unha subvención, unha liña de subvencións que saca a Consellería de Medio Ambiente para actuacións de melloras medioambientais nos entornos da Rede Natura. Polo tanto, evidentemente Sr. Magariños, claro que ten que ser unha actuación na Rede Natura, senón estaríamos incumprindo o obxecto do contrato para o que foi solicitada esa obra. Polo tanto é convinte que antes de saír nos medios de comunicación ou facer o ridículo nestes tipos de cuestións, se informen primeiro no BNG de cales son as liñas ou os obxectivos das subvencións que solicita o Concello, entonces xa lle anticipo, é na Rede Natura, porque obrigatoriamente as actuacións teñen que ser na Rede Natura, é ademais unha actuación financiada, subvencionada cen por cen pola Consellería de Medio Ambiente e é unha actuación que fai o Concello da Estrada, un proxecto que elabora o Concello da Estrada para mellora de actuacións medioambientais nos entornos fluviais do río Ulla en Rede Natura, vale?. Polo tanto... bueno, se quere ver o proxecto por suposto está á súa enteira disposición, é vostede Concelleiro e pode ter acceso.

(Intervención que non se aprecia no audio)

Sr. Alcalde: Hoxe está aquí a Secretaria e podrá dar fe de que vostede poida acceder a ese expediente e velo, pero eu lle informo un pouco para que vaia vendo vostede un pouco por onde van os tiros. É especificamente eso, o que vostedes din, que é un escándalo, que é o obxecto fundamental da orden da subvención na que nos solicitamos os fondos para facer esa actuación. Entonces creo que nese aspecto creo que queda todo dito. Sabe vostede que na Rede Natura hai unha serie de actuacións que ten que aprobar a Consellería, que é a que financia e a que aproba o proxecto de actuacións superficiais de mellora de camiños, que foi o que se fixo aí, sen aporte de material e nunhas condicións determinadas, que é o que se está intentando facer con ese proxecto, sabe que é un proxecto financiado en dúas anualidades, polo tanto o que se fixo no ano 2015 foi facer unha primeira actuación equivalente, aproximadamente, ao 40% do importe do investimento, e agora no 2016 se fará a segunda fase. Unha actuación tamén financiada con eses fondos foi a mellora da ponte en Paradela, non sei si vostede tuvo oportunidade de ir a vela, pero

lle recomendo que vaia porque foi unha actuación que puxemos en valor, unha ponte que estaba nun estado bastante deteriorado na parroquia de Paradela e hoxe en día pois é un elemento de moito nivel e creo, ademais, quedou unha recuperación extraordinaria do entorno; pois proxectos parecidos, entorno a vinte ou vintecinco mil euros que financia a Consellería, que levamos solicitando dous anos, a primeira actuación, como lle dixen antes, foi tamén no entorno do río en Paradela e este pedimos para mellorar o entorno en Barcala, o entorno desa extraordinaria zona fluvial, ademais unha zona que eu creo que ten bastante éxito de xente e veciños que se achegan ata alí e o que queremos é poñer en valor todo ese entorno non?, o que se busca con esa actuación é poñer un valor. Eu entendo que, ao mellor, poida vostede discrepar nalgúnhas actuacións, pero xa lle digo que non é que esté autorizada, senón que está aprobada e subvencionada pola propia Consellería de Medio Ambiente e condicionada a actuacións en Rede Natura. Polo tanto o que si lle digo é que ten acceso ao expediente, espero a que remate a acción, porque eu creo que nos próximos meses (antes do mes de xuño, que é cando ten que estar rematada) quede perfectamente finalizada e a partir de aí valoraremos o seu resultado final.

Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, o acceso ao expediente, xa o vin a buscar, pódolle garantir que os funcionarios, tanto de Urbanismo como de Medio Rural, enchéronse de dar voltas para buscarmos e non o atoparon, haber onde está, non hai problema, non foi porque se me negara a información, non, non, dou fe de que os funcionarios se partiron o lombo para buscalo, pero non o atoparon.

Despois outra cuestión. Fala de financiado ao cen por cen... déixeme mirar, porque teño aquí a foto do Cartaz que anuncia....

Sr. Alcalde: A execución ao cen por cen, o IVA o paga o Concello

Sr. Magariños: O investimento de 23.000 euros é o coste da axuda 19.000... bueno, supoño que será... entrará aí... xa se me averiou esto....

Sr. Alcalde: Explícollo eu. Esas subvencións que se solicitan son financiadas integramente ao cen por cen a execución material dos traballos, e o Concello (igual que os PDR, os plans de inversións de camiños, de melloras de camiños, digamos que son proxectos financiados con fondos europeos)... son cofinanciados pola parte do IVA por parte do Concello non? Polo tanto teñen esa parte de cofinanciación, pero o cen por cen da actuación... de execución da actuación está financiada pola Consellería de Medio Ambiente.

Sr. Magariños: Si, bueno, paréceme correcto as explicacións, que sexa así ou non é outra cuestión. Pero bueno, estaría ben, efectivamente, non lle cuestiono o cal sexa o obxecto da axuda (melloras na Rede Natura), o curioso é que tres metros nalgúns puntos, menos de tres metros, máis arriba hai un antigo camiño vello (por certo, un camiño precioso que ten unha vista na parte máis alta do río e da praia moi bonita), sen embargo aí non actúa, podíalle dicir: home, pois fixeron unha boa acción porque comunicaron ese tramo do río, do camiño vello, coa praia, que creo que é un tramo de cinco metros, pero a pista que enseño aquí na fotografía, esta... aquí... cinco metros máis atrás hai unha pista de terra, xa me dirá que obxecto ten abrir un camiño de cento cincuenta, douscentos metros, que volve a embocar na mesma pista de terra, osea, vai paralelo a unha pista de terra, é unha cousa... vamos!, efectivamente está feita na Rede Natura, pero xa lle digo que o camiño vello tamén estaba na Rede Natura e esta pista tamén está na

Rede Natura. Poderíase facer outro tipo de obras pero, dende logo, abrir un camiño novo non ten sentido ningún.

Bueno, cambiando de tema, íballe facer un rogo pero xa me trasladaron aquí que xa cumpriron coa súa obriga despois de moito tempo, que era que se ocuparan un pouco do barrio da Cañoteira, de limpar e uns baches que hai por alí, pero parece que hoxe pola mañán... pero parece que colleron medo e dixeron "vai a vir Magariños..."

Sr. Alcalde: Eso é eficacia!, antes de que vostede pregunte nós xa o temos feito, xa ve vostede que somos eficaces.

Sr. Magariños: Xa me informaron hoxe ao chegar ao Pleno que xa fixeran a súa labor.

Sr. Alcalde: Bueno, empezamos, non rematamos todavía, pero bueno...

Sr. Magariños: Remátenlle aí aos veciños da Cañoteira as obras porque tamén pagan impostos como o resto dos veciños.

Sr. Alcalde: A parte tócame algo cerca, así que eu procuro ter... cada vez que os veciños da Cañoteira piden algo, aínda que non sea ca mellor axilidade que me gustaría, sempre teño... sempre temos esa sensibilidade. De feito a limpeza sempre se fai, porque a piden os propios veciños tamén, entorno ás festas de San Xoán, porque sabe que alí fan unha sardiñada desde fai uns anos e se fai unha actuación, e o tema é que... bueno, evidentemente se imos a limpar agora teremos que volver dentro de dous meses outra vez porque así o requirirán, pero xa están as brigadas municipais facendo os correspondentes traballos e lle agradezco moito a súa petición, pero xa ve que temos de momento un goberno que se anticipa aos problemas.

(intervencións que no audio non se aprecia).

Sr. Alcalde: Si, a verdade é que a mi me gustan... Sr. Magariños teño que recoñecer que a mi me gustan.

Algunha outra cuestión?. Pois si non hai ningún rogo e ningunha pregunta saben vostedes que, dentro do Reglamento de Participación Cidadá, calquer persoa, previa identificación co DNI, pode formular algún rogo ou pregunta ao Presidente desta Corporación. Non sei se hai algunha persoa que queira formular algunha cuestión?. Si non a hai.....

(intervencións que no audio non se aprecia).

Sr. Alcalde: Si, esa é unha petición que fixo.....

(risas no Salón de Plenos)

Sr. Alcalde: Si, esa é unha petición que fixo Agustín Ramos ao encargo do Concelleiro de Obras Nemesio Rey e esa actuación está feita tamén, está solucionada.

(intervencións que no audio non se aprecia).

Sr. Alcalde: Moi ben, agradecéndolle.... E que non podó....

(intervencións que no audio non se aprecia).

Sr. Alcalde: Maruja, non podo ter tráfico de influencias, non podo atender mellor ao sitio de onde son eu, teño que atender tamén aos outros un pouco. Moitas gracias e boa noite.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas cinco minutos.

A Estrada, 9 de abril de 2015
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso